

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FUNDACIÓN ROF CODINA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Xerencia da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é o órgano de xestión administrativa que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de formalización de convenios de dita entidade.

No mencionado ámbito material, constitúen os seus obxectivos a promoción de actividades agropecuarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais e culturais e calquera outra que teñan por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro, o seu nivel cultural e a elevación do nivel medio urbano e rural.

Antecedentes: A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo celebra anualmente no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo os seguinte eventos nos que é necesario a presenza dun servizo veterinario:

- Exposición nacional e internacional canina.
- EQUIGAL, Salón internacional do cabalo de Galicia.
- EXPOLUGO, A RURAL, mercado de exposición gandeira.

Finalidade Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con Fundación Rof Codina M.P. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de xullo de 2023 ata o 31 de decembro de 2025, poidendo ser obxecto de prórroga por un prazo non superior a catro anos.

Este convenio ten por obxecto establecer a relación de colaboración entre a Fundación Rof Codina e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo nos seguintes eventos que se celebran anualmente no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo:

- Exposición nacional e internacional canina.

- EQUIGAL, Salón internacional do cabalo de Galicia.
- EXPOLUGO, A RURAL, mercado de exposición gandeira.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase é o Convenio de Colaboración, tal como se recolle no apartado cuarto do mesmo:

“Que a Fundación Rof Codina M.P. e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a consecución dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, están interesados en formalizar unha colaboración, polo que postos previamente de acordo, neste acto formalizan este CONVENIO DE COLABORACIÓN”.

As actividades do presente convenio non implican ningún custo económico adicional ao das súas actividades ordinarias para as entidades asinantes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado dixitalmente,

Rubén López Fernández

Xerente da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo